

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI CRUZ DO SAR, BERGONDO

CURSO: 1º, 2º, 3º E 4º ESO

MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA

DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN FÍSICA

DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- | | |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias suprimidos. | Páx. 3 |
| 2. Avaliación e cualificación. | Páx. 5 |
| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación) | Páx. 6 |
| 4. Información e publicidade | Páx. 6 |

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS SUPRIMIDOS

No departamento de Educación Física do CPI Cruz do Sar consideramos na nosa materia máis axeitado sacar da programación os estándares de aprendizaxe que non van ser avaliados.

1º ESO

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

EFB1.3.1. Coñece e identifica as posibilidades que ofrece o seu contorno próximo para a realización de actividades físico-deportivas.

EFB1.3.2. Respecta o seu contorno e a valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.

BLOQUE 2. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS

EFB2.1.2. Pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo.

EFB2.1.3. Colabora na realización de bailes e danzas.

2º ESO

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico-deportivas axeitadas a súa idade.

EFB1.3.2. Respecta o contorno e valóralo como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.

BLOQUE 2. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS

EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade.

EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 6	CENTRO: CPI CRUZ DO SAR BERGONDO CURSO: 1º A 4º ESO MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
-------------------------------------------------------------	---------------	-------------------------------------------------------------------------------------

3º ESO

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA

EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o seu contorno para a realización de actividades físico-deportivas.

EFB1.3.2. Respecta o contorno e valórao como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.

BLOQUE 2. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS

EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado.

EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

EFB2.1.4. Realiza improvisacións como medio de comunicación espontánea en parellas ou grupos.

BLOQUE 4. OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS

EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión en contornos non estables e técnicas básicas de orientación, adaptándose ás variacións que se producen, e regulando o esforzo en función das súas posibilidades.

4º ESO

BLOQUE 2. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS

EFB2.1.1. Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.

EFB2.1.2. Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.

EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.

BLOQUE 4. OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS

EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.

EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 4 DE 6	CENTRO: CPI CRUZ DO SAR BERGONDO CURSO: 1º A 4º ESO MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
-------------------------------------------------------------	---------------	-------------------------------------------------------------------------------------

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	
Avaliación	<u>Procedementos</u> : utilizaremos dentro do posible a variedade de procedementos que permita a situación, fundamentalmente a observación e seguemento da actividade do alumnado e tamén as tarefas solicitadas: vídeos, traballos... (sobre todo a través de gravacións ou videoconferencias)
	<u>Instrumentos</u> : utilizaremos para a avaliación sobre todo a gravación de vídeos para as tarefas a partir da data do confinamento. Para a recuperación das avaliacións suspensas exercicios e traballos breves en soporte dixital sobre ditas actividades.
Cualificación final	<p>A nota final do curso non poderá ser menor á media das dúas primeiras avaliacións.</p> <p>A cualificación final, polo tanto, virá dada pola media aritmética da 1ª e a 2ª avaliación + 0,5 puntos. A esta nota poderáselle engadir ata 1,5 puntos máis en función da realización dos traballos propostos dende o período de confinamento.</p> <p>O alumnado que non acade o 5 poderá recuperar as avaliacións suspensas, antes do 15 de xuño, de dous xeitos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Presentando as actividades que se presentan nesta terceira avaliación.- Ou realizando traballos específicos para recuperar a avaliación suspensa. <p>En ningún caso a cualificación final do alumnado con dúas avaliacións suspensas será superior ao 5.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>A proba extraordinaria de setembro manterase como estaba disposto na programación: constará dunha proba escrita de carácter teórico-práctico da 1ª e a 2ª avaliación e a súa calificación independentemente da nota que saquen non será superior a 5.</p> <p>No caso de non poder facerse de xeito presencial farase unha proba telemáticamente.</p>
Alumnado de materia pendente	Non hai alumnado coa materia de Educación Física pendente.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTEE (recuperación, reforzo, repaso e no seu caso ampliación)

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Todas as recollidas no apartado “Instrumentos de avaliación” e compartidas a través da Aula Virtual no blogue “Bitácora Cruz do Sar Educación Física.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Despois do esforzo destes dous meses case todo o alumnado dispón de ordenador ou tablet e conexión a internet. En casos especiais ou que non mostren indicios de estar entrando na aula virtual utilizarase o correo electrónico ou de ser preciso o contacto telefónico.
Materiais e recursos	Aula virtual e páxinas web con enlaces a vídeos e actividades. Na aula virtual organización e temporalización das actividades voluntarias e obrigatorias.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A información ao alumnado transmitirase, como ata agora, a través da aula virtual e a través do correo electrónico, puntualmente por medio de vídeoconferencias e en casos aislados telefónicamente. A información ás familias será a través do correo electrónico e a través da plataforma Abalar.
Publicidade	A actualización desta programación será publicada na aula virtual dentro de departamento de Educación Física e na páxina web do centro.